



**Mercados Centrais
de Abastecemento
de Santiago, S.A.**

Polígono Industrial do Tambre
Vía La Cierva, s/n
15890 - Santiago de Compostela
Telf.: (981) 56 30 55 - 56 31 36
Fax: (981) 56 36 99

17 AGO. 2016

INFORME P.D. DO SECRETARIO XERAL DO CONCELLO
(Decreto de delegación do 14 de decembro de 2009)

**ASUNTO: cumprimento da normativa de estabilidade orzamentaria das
contas anuais de 2015.**

En relación ao que establece o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais; vixente en tanto non contradiga a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e polo que atinxe á Sociedade Mercados Centrais de Abastecemento de Santiago, MERCAGALICIA, S.A., informar o que segue:

1.- Que MERCAGALICIA é unha Sociedade con o 51% de Capital municipal, que se financia maioritariamente con ingresos comerciais, polo tanto é de aplicación o artigo 4.2 do Regulamento de Estabilidade Presupostaria (RD 1463/2007) que indica: as restantes entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos ou aprobarán as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa de aplicación.

Neste mesmo sentido exprésase a Lei Orgánica 2/2012, que no artigo 3.3 recolle que en relación cos suxeitos aos que se refire o artigo 2.2 da Lei (Sociedades mercantís) entenderase por estabilidade orzamentaria a posición de equilibrio financeiro.

2.- Pola súa parte, o artigo 24.1 do RD 1463/2007 considera que as entidades comprendidas no ámbito do artigo 4.2 do Regulamento (como é o caso de MERCAGALICIA) atópanse en situación de desequilibrio financeiro cando de acordo cos criterios do Plan de Contabilidade que lles resulte de aplicación incurran en perdas, cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade do artigo 4.1 a quen corresponda aportalos.

3.- Que as contas correspondentes a 2015, formuladas en Consello de Administración de 10 de febreiro, presentan un resultado despois de impostos de 3.958,39 euros. Con este resultado, a Sociedade non require da dotación de recursos non previstos no escenario do Concello, entidade á que correspondería aportalos.



**Mercados Centrais
de Abastecemento
de Santiago, S.A.**

Polígono Industrial do Tambre
Vía La Cierva, s/n.
15890 - Santiago de Compostela
Telf.: (981) 56 30 55 - 56 31 36
Fax: (981) 56 36 99

DILIXENCIA DE CONFRONTACIÓN
Este escrito concorda co orixinal que o
interesado exhibe e retira para entregar
no Rexistro Xeral do Concello.

17 AGO. 2016

P.D. DO SECRETARIO XERAL DO CONCELLO
(Decreto de delegación do 14 de decembro de 2009)

4.- Achégas conta de perdas e ganancias, asinada polos administradores, na que se recollen os resultados do exercicio referencia.

5.- Ao obxecto de aportar maior información, detállase a continuación o cálculo aproximado do aforro bruto, que para unha Sociedade Mercantil pública sometida ao PGC se calcula a partir dos datos recollidos na conta de perdas e ganancias, exceptuando determinados ingresos e gastos de acordo co que recolle a Guía para o cálculo do aforro bruto publicada polo Ministerio de Economía e Facenda.

No caso da Conta de Perdas e Ganancias das contas de 2015, as únicas excepcións para o cálculo do aforro bruto son as seguintes partidas:

- Dotación a provisión de riscos e gastos.
- Dotación ás amortizacións.

Polo tanto, o esquema de Cálculo do aforro bruto queda como segue:

= Resultado da explotación (segundo a PyG)	3.958,39
+Dotación a provisión de riscos e gastos	14.953,98
+Dotación ás amortizacións	126.899,64
=Resultado explotación (cálculo aforro bruto)	145.812,01
+/-Resultado ingresos/gastos financeiros	12.459,63
=Resultado AFORRO BRUTO	158.271,64

É canto teño a ben informar.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2016

